

6.2.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS

APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE 26 DE XULLO DE 2001.

PUBLICADO NO BOP DE A CORUÑA O 21 DE AGOSTO DE 2001.

As presentes normas teñen como fin o desenvolvemento do Regulamento de participación cidadá, en cumprimento do determinado no seu artigo 22.5, constituíndo o seu obxecto regular o réxime organizativo e de funcionamento do Consello de relacións veciñais.

Os artigos relacionados co funcionamento do Consello de relacións veciñais, contidos na redacción inicial do Regulamento de participación cidadá, quedan incluídos no presente Regulamento de réxime interior, facendo mención explícita, co obxecto de presentar nun único corpo a normativa completa.

Artigo 1. Segundo estable o artigo 23 do Regulamento de participación cidadá, son funcións do Consello de relacións veciñais:

- Proporlle ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.
- Emitir informes, por iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
- Emitir e formular propostas e suxerencias en relación co funcionamento dos servicios e organismos públicos municipais.
- Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ao Concello, para ser discutidas nas comisións informativas municipais correspondentes.

Artigo 2. Son funcións do Presidente do Consello de relacións veciñais:

- Convocar as reunións ordinarias e extraordinarias do Consello de relacións veciñais.
- Establecer a orde do día das reunións, previa consulta cos representantes das asociacións veciñais.
- Presidir e coordinar as reunións do Consello de relacións veciñais.
- Velar polo cumprimento dos acordos adoptados no Consello de relacións veciñais.

Artigo 3. Son funcións do Vice-presidente, en substitución do Presidente, as funcións a este encomendadas.

Artigo 4. Son funcións dos vocais do Consello de relacións veciñais:

- Asistir e participar nas reunións do Consello de relacións veciñais e nas Comisións creadas no seu seo, para a realización das tarefas propias do seu cargo.
- O cumprimento das atribucións e funcións de representación encomendadas polo Consello de relacións veciñais ou polo seu Presidente.

- A información ao resto dos compoñentes do Consello de relacións veciñais das xestións e traballos realizados.

Artigo 5. É dereito dos membros do Consello de relacións veciñais seren informados polo Goberno ou pola Administración Local acerca de temas municipais, orzamentos, planos urbanísticos, ordenanzas fiscais, planos sectoriais, programas culturais, sociais ou de saúde, ou outros que polo seu contido foren considerados convenientes polo Consello de relacións veciñais, ou, polo menos, polo 50% dos seus membros.

Artigo 6. Son funcións do Secretario do Consello de relacións veciñais:

- Elaborar, a requerimento do Presidente, ou no seu defecto do Vicepresidente, a convocatoria do Consello de relacións veciñais e das comisións creadas no seu seo, así como mecanografiar e enviar a orde do día das convocatorias, actas, acordos e calquer outro documento que se solicitar por estes cargos ou polo Consello de relacións veciñais.
- Manter a correspondencia e o arquivo do Consello de relacións veciñais, así como tramitar as certificacións dos acordos adoptados.
- Atender, en primeira instancia, as demandas de veciños e veciñas ou entidades veciñais que soliciten información relativa ao Consello de relacións veciñais e os seus acordos.
- Realizar as tarefas administrativas relativas á tramitación dos acordos emitidos polo Consello de relacións veciñais.

Artigo 7

7.1. Segundo o artigo 22.3 do Regulamento de participación cidadá, de cada reunión que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os dictames emitidos.

7.2. Do mesmo xeito, o contido da acta reflectirá, como mínimo, o lugar, día, mes, ano e hora na que comeza e na que o Presidente dá por finalizada a reunión.

7.3. No caso de se produciren votacións, o sentido do voto quedará reflectido na acta redactada para o efecto, sempre que así se solicitar por parte de algún dos conselleiros asistentes á reunión.

7.4. Do mesmo xeito deberán recollerse textualmente na acta aquelas manifestacións que expresamente solicite un membro do Consello.

Artigo 8

8.1. A Orde do día das reunións comunicarase por escrito aos asistentes, como mínimo, con dous días de antelación.

8.2. A Orde do día das reunións deberá ser consultada previamente cos representantes veciñais e os/as representantes dos grupos políticos representados

Artigo 9

9.1. Segundo o artigo 22 do Regulamento de

participación cidadá, o Consello de relacións veciñais reunirse ordinariamente unha vez por semestre e, con carácter extraordinario, por convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un tercio calquera dos seus membros.

9.2. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

9.3. Para a válida constitución do Consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros. En segunda convocatoria poderá constituírse o Consello sempre que estean presentes polo menos un tercio dos seus membros.

9.4. Unha vez iniciada a reunión, será o Presidente o que dirixa as sesións, establecendo a orde e tempos de intervención e orde das votacións e dirimindo os empates co seu voto de calidade.

9.5. Se unha vez iniciada a sesión, se se ausentara un número de membros que impedise a continuación da reunión por non existir o quorum esixido para a súa celebración, o Presidente daraa por finalizada, quedando reflectida tal circunstancia na acta que se redacte.

9.6. Comezada a reunión, o Presidente preguntará se algún conselleiro ten que formular algunha observación sobre as actas anteriores. As observacións á acta da sesión anterior deberán realizarse por escrito. Se non as houber, debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan. En ningún caso se poderá modificar o fondo dos acordos adoptados e só caberá subsanar os meros erros materiais ou de feito.

Artigo 10. Segundo se estipula no artigo 22.6 do Regulamento de participación cidadá, o Consello de relacións veciñais poderá formar no seu seo as comisións de estudo que considerara convenientes, respectando na súa composición a representación proporcional do propio Consello.

Artigo 11. Os acordos adoptados polo Consello de relacións veciñais serán feitos públicos nos taboleiros de anuncios do Concello e remitidos ás asociacións veciñais para a súa exposición pública.

Artigo 12

12.1. En función das posibilidades económicas municipais, o Consello de relacións veciñais contará cunha partida propia para gastos de funcionamento.

12.2. Durante o mes de xaneiro de cada ano, e unha vez aprobados os orzamentos xerais do Concello, o Consello de relacións veciñais confeccionará un orzamento de gastos que especifique o uso a que se destinará a cantidade que recibe anualmente desde o Departamento municipal de relacións veciñais.

12.3. Os compoñentes do Consello de relacións veciñais non estarán retribuídos economicamente.

Artigo 13. O Consello de relacións veciñais poderá acordar a constitución dunha Asemblea xeral de asociacións veciñais, como órgano de consulta constituído por todas as asociacións veciñais debidamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións.